

*Pilar Pallarés. Livro das devoracións*

**March Kathleen**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

KATHLEEN, MARCH (2011 [1997]). “Pilar Pallarés. *Livro das devoracións*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 248-250. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1595>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

KATHLEEN, MARCH (1997). “Pilar Pallarés. *Livro das devoracións*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 248-250.

\* Edición dispoñíbel desde o 21 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Pilar Pallarés. *Livro das devoracións*

Kathleen March

Pilar Pallarés. *Livro das devoracións*  
A Coruña: Edicións Espiral Maior

Pilar Pallarés é autora de tres libros de poesía: *Entre lusco e fusco* (1980), *Sétima saudade* (1983) e agora *Livro das devoracións* (1996). Tamén tres poesías aparecidas en publicacións colectivas, como *De amor e desamor I e II* (1984, 1985), *Anthropos* e *Colóquio*. Respecto á poesía, poderíase dicir que non é unha autora especialmente prolífica, aínda que a súa laboura de publicación, que comezou axiña, ten sido unha actividade continuada desde o ano 1980.

No actual libro atopamos un escenario ou espacio no que os tradicionais temas da vida e da morte se encontran e loitan. A antigüidade do enfrontamento ten resonancia na escolma de motivos clásicos, referentes á arte antiga, ós museos, ás pegadas materiais dos seres humanos que na súa mesma materialidade subliñan a ausencia dos seus creadores. E subliñar a ausencia é retratar o tempo, fixar nuns intres silábicos un suceso, unha vida, un obxecto ou ollada. Tracexa así a poeta a realidade dos humanos dentro do seu contexto, moito máis real a pesar de inexistente, do contexto que forma a morte.

A tonalidade poemática de “Ars vivendi” ou de “renazo nos límites acuosos” é exemplar neste senso do conflito entre o ser e o non ser. Nestes poemas o motivo da estatua reconcentra e representa máis claramente a perda e a herdanza do pasado. A ollada é exterior; en troques, a voz provén dunha contemplación aínda situada desde a vida, malia na fronteira da fugacidade disa vida. En troques, hai poemas nos que o eu poemático ocupa o lugar dunha persoa ou, se quixer, dunha estatua viva, nun espacio exterior mais contemplado a xeito de museo (“A tarde, cun can e un libro”).

Os códigos intertextuais e culturais anoan os poemas de xeito distintivo: o da expulsión do paraíso, tan empregado no vangardismo ou o da mitoloxía clásica, [249] ou a referencia sobranceira á escultura, ás estatuas. A traza matérica dunha forma humana, balorenta, funciona como pasaxe ó reino do eterno arelado. Deste xeito atopamos un fragmento rescatado do “Xardín das Hespérides” ou “a porta do Paraíso” (p. 17), aínda que soamente fica na derradeira instancia o arelado —a ausencia en lugar da presenza. O desexo do eu poemático aquí serve como lembranza do que é o corpo, da condición xamais satisfeita do desexo, e por tanto do desexo frustrado tanto como legado como morte obrigatoria.

A estatua viva do corpo, nunha continua tensión entre as distintas estadias temporais, é moi consciente dos lindeiros físicos:

Xamais entrar ficar merodeando  
ser un tigre ferido no teu rasto (p. 18).

empeza un poema, que non embargante remata nunha (con)fusión de identidade. Afirmo que non é, (non) é, fúndese no ti obxecto do seu desexo:

xamais ser lampo  
ser maré  
vibrar-te en ave (p. 18)

Na poesía de Pallarés atópase unha maré subterránea que resoa no nivel do son puro; un representativo conxunto de relacións sonoras subliña os conceptos semánticos do léxico. Ó mesmo tempo unha repetida ambigüidade sintáctica constrúe un espacio tamén fronteirizo no que os lectores van dubidar na estrutura e por tanto, no punto de vista que adoptara o eu poemático. É moitas veces a poesía do *Livro das devoracións* unha poesía do quer-ser á vez que do non quer-non ser, un impulso a se fusionar cun ti e un instinto de autopreservación e afirmación, un medo a se perder no que non sexa o eu propio.

Este libro, por tanto, é tamén un exemplo de como pensar o porvir desde un presente no que este porvir está aínda por ser inventado e no que só fican restos dun pasado que non foi. Semella que o eu se sabe quen de existir só nos lindeiros da relación con outro, no seu estar no mundo como ser arelante e expresante. A lingua tamén brega entre o silencio e a palabra que destrúe a fertilidade da contemplación creativa. Non embargante, e malia as múltiples referencias á desaparición ou non ser, o *Livro das devoracións* non é unha obra do desespero senón de autoanálise, contemplación e autoafirmación. A senra da realidade está poboada de fragmentos do pasado e imaxes de futuro; situarse no espacio actual, fixar o consciente no centro do intre que se está a vivir, é sempre intricado. Se cadra as estatuas e os silencios agachan maiormente a verdade do renacer a xeito de fénix que adoita ter lugar despois das moitas devoracións e defuncións que experimentan, presencian e provocan os eus do poemario. Non embargante, atópanse repetidos elementos lexicais referentes a nacer, volver, recobrar, ficar. O corpo e a lingua néganse a deixar de estar e expresar o seu mundo, e neste libro de Pallarés, se só fica un epitafio, o feito deste epitafio ficar en forma de conxunto de palabras impresas é á vez afirmación de como pode sobrevivir a poesía nos versos:

Ao final do vazío está o teu nome.  
Ao final do meu nada ven a noite  
coas suas vagas ferozes. [250]  
Algo, que non se detén, pasa cantando,  
deixa unha nota aguda na memória do sangue (p. 35).

lemos a aceptación ante a morte xunto coa crenza na poesía. No poema seguinte engádese o verso “arxilas da memoria”, co que a non desaparición (= a memoria) vese representada no corpo humano (= o sangue) e no corpo representado (= arxilas; é dicir, a estatua). Da mesma maneira poderíase afirmar que a lingua, a posibilidade de existiren as palabras, existe en boca dos vivos (a súa “forma-sangue”) e nos libros (seica equivalentes a unha “estatua impresa”). No momento da realización están vivas, mais só no período de vida; despois só fica unha simboloxía parcial, aínda que os fragmentos tivesen a capacidade de reiniciar o proceso de re-crear e representar unha vida real ou poética. Desde esta pers-

pectiva o poema de meirande enerxía rexeradora é o que empeza “renazo nos límites acu-  
sos” (p. 37), ó que seguirán versos máis sumidos nun silencio ameazante (como “Sei que  
resurxirei”, p. 42) ou máis reveladores de ambigüidade (“Confundo os sexos e as persoas,  
destruo as estacións cos dous gumes da espada”, p. 44).

Nos poemas case finais, “Variación I” e “Variación II” do *Livro das devoracións*, o eu  
aplícase máis á figura da poeta, confesando unha herdanza romántica, unha longa tradición  
literaria e espiritual. A fina ironía coa que comeza “Variación I” vai deixando lugar a un  
neorrealismo da actualidade “Variación II” afirma a loita e a non derrota, que reitera no  
derradeiro poema do libro no que se identifica como ser escribinte e por tanto como ser  
poderoso —¿quizais non mortal?:

Reteño outras historias,  
acaparo outros corpos  
e aos seus membros precários dou a forma do eterno (p. 50).

Este libro de Pilar Pallarés é dunha sólida madurez creativa. Se por unha banda sor-  
prende pola densidade e dramatismo, non debe ser menos sorprendente a complexidade  
dos referentes. A crítica atopará neste pequeno volume as múltiples coordenadas da rela-  
ción polarizada entre Eros e Thanatos, libertade e opresión, sensualidade e soidade, lingua  
e silencio. Xunto co íntimo tamén se poderán deslindar as trazas dunha postura ética e  
ideolóxica, dunha rabia sana aínda que maiormente asulagada nun presente nacional do  
ser e do non ser. Agardouse longo tempo a nova contribución de Pallarés á poesía da ga-  
leguidade. Pagou a pena.